

CIG- Saúde, a renegociación do acordo sobre as condicións laborais dos residentes galegos, e AGAMIR

CIG-Saúde considera que o nacemento de AGAMIR abre unha nova etapa no movemento reivindicativo dos residentes galegos, e solicítalle ao SERGAS que acepte adiantar a renegociación do acordo sobre as condicións laborais dos MIR.

Diante das recentes e exitosas mobilizacións promovidas por AGAMIR, CIG-Saúde considera conveniente facer públicas as seguintes consideracións:

- ★ **O nacemento de AGAMIR, e a súa contrastada capacidade de mobilización, crea unha nova situación na que existen mellores perspectivas de acadar melloras laborais para os residentes galegos**, que as que existían cando, o 19/12/2006, todos os sindicatos da mesa sectorial, despois de varios meses de negociación e nun ambiente de escasa mobilización, ratificamos o “Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación”, cuxa publicación en DOG o SERGAS adiou até o 23/04/2007.
- ★ **Coñecer o pasado adoita ser un bo instrumento para poder cambiar a realidade presente.** Por ese motivo consideramos conveniente lembrar, dun xeito resumido, algúns dos feitos que precederon e explican á ratificación na Mesa Sectorial do Acordo do 19/12/2006 sobre as condicións laborais dos residentes:
 - Durante os últimos meses de 2005 e até principios de outubro de 2006 teñen lugar, en Madrid e no marco do “Foro para o Diálogo Social”, as negociacións sobre o Decreto estatal que por 1ª vez ía regular as condicións dos residentes. Como o sindicato máis representativo da sanidade galega, CIG-Saúde participou activamente nesas negociacións, presentando un bo nº de propostas. Os residentes galegos que, daquela, estaban preocupados coa marcha desas negociacións tiveron [na paxina web da Agrupación Médica de CIG-Saúde](#) , ampla información sobre como evoluían aquelas negociacións, e as análises e propostas que o noso sindicato ía facendo. Finalmente, o 09/02/2006, o

Ministerio de Sanidade pechou unilateralmente a negociación e aprobou [un decreto que CIG non ratificou e criticou claramente](#).

- Paralelamente ás negociacións en Madrid, e despois de pechadas estas, o noso sindicato fixo, un importante esforzo para informar aos residentes galegos do que estaba pasando en Madrid, e tentar transmitir-lles o que moi axiña foi evidente para nos: ía ser no marco dos Servizos de Saúde das CC.AA onde se ían negociar de verdade as condicións laborais dos residentes, e o nivel de melloras que se poderían conseguir para os MIR galegos estarían en relación directa coa súa capacidade de mobilización. Conscientes desta realidade, durante o ano 2006, o noso sindicato tomou diversas iniciativas:
 - Convocamos, ao longo do 2006, diversas xuntanzas de residentes nos diferentes hospitais ([A Coruña](#), [Vigo](#), [Santiago](#), [Pontevedra](#), Lugo, Ferrol, [Ourense](#), ...) para explicar-lles o que se estaba negociando en Madrid e a necesidade de mellorar as condicións de traballo dos MIR.
 - Recollemos as aportacións dos residentes que acudiron ás xuntanzas que convocamos e elaboramos, con elas, unha [táboa reivindicativa](#) na que se recollían as principais demandas dos MIR. Esa táboa é moi parecida á que agora defende AGAMIR.
 - Promovemos, a recollida de máis de 300 sinaturas de residentes, das diversas áreas (Vigo, Pontevedra, Santiago, Coruña, Ferrol, ...), en apoio da necesidade de apertura dunha mesa negociadora específica sobre as condicións laborais dos MIR, dentro da mesa sectorial. Esas sinaturas fóronlle entregadas ao Director Xeral Recursos Humanos, por unha nunha xuntanza que tivo lugar o 26/05/06.
 - [Reclamámoslle](#) ao SERGAS que aceptara abrir unha mesa negociadora sobre as condicións laborais dos residentes, e finalmente [conseguímolos](#), de xeito que esa mesa negociadora tivo a súa [primeira xuntanza o 12/07/2006](#).
 - O verán significou un parón na negociación, que non se reiniciou en serio até despois de setembro. Despois de varias xuntanzas, o 19/12/2006 chegouse a un acordo reflectido en dous documentos, a [Acta](#) de finalización da negociación e o propio [Texto do Acordo](#), que o SERGAS tardou meses en publicar en DOG.
 - Durante as negociacións, CIG-Saúde fixo un importante esforzo para distribuír información por correo electrónico, realizamos múltiples xuntanzas cos grupos de residentes aos que conseguimos interesar no que estaba sucedendo, e fomos dando ampla información da marcha das negociacións na [páxina web da AgM-CIG](#) que, como é ben doado de comprobar, foi o lugar de internet que, con moitísima diferenza,

deu máis información sobre a problemática MIR durante os procesos de negociación das condicións laborais dos residentes que se celebraron en Madrid e en Galiza durante os anos 2005 e 2006.

- Nas delegacións de CIG-Saúde que participaron nas negociacións co SERGAS, participaron varios residentes en representación dos grupos máis activos entón existentes entre os residentes, e cos que CIG-Saúde elaborou a táboa reivindicativa que levamos ás negociacións que, como xa comentamos, e moi semellante a que agora defende a AGAMIR. Non están ben informados quen agora afirman que a negociación do acordo galego se fixo ao marxe dos residentes. Nesa negociación participaron os residentes que, nun marco global de “pasotismo”, xa daquela se interesaban polos problemas do conxunto dos MIR.
- O que se pode conseguir nunha negociación, alén da estratexia negociadora, adoita depender da forza social que tes detrás, e a realidade é que a negociación do acordo deuse nun contexto de baixo nivel de mobilización entre os residentes galegos o que explica, cando menos en parte, que no acordo final só se conseguira [unha parte das reivindicacións](#) que se facían. É interesante resaltar que algúns sindicatos que agora tentan “chupar roda” de AGAMIR e se desfán en descualificacións do acordo, non moveron un dedo para mobilizar aos residentes nin durante as negociacións en Madrid nin durante as negociacións do acordo en Galiza

★ **Unhas reflexións finais:**

- Os movementos reivindicativos dos residentes galegos e españois, son historicamente cíclicos e, até agora, sempre se caracterizaron por atravesar momentos de grande mobilización aos que adoitaba seguir longas etapas de “calma chicha”.
- CIG-Saúde considera que o acordo, asinado o 19/12/2006, foi un bo acordo dada a correlación de forzas existente naquel momento e, nomeadamente, dado o escaso nivel de mobilización que entón tiñan os residentes. Foi, tamén, un acordo pioneiro e, o conseguido nel, converteuse axiña na base mínima sobre a que se negociaron os respectivos acordos nas demais CC.AA. que, en consecuencia, son mellores que o galego, sobre todo nos aspectos retributivos. Conscientes desta posibilidades o noso sindicato presionou, e logrou como queda reflectido na acta de peche da negociación, que o SERGAS aceptara a posibilidade de abrir a renegociación do acordo no último trimestre do ano 2007.

- O nacemento de AGAMIR abre unha nova xeira no movemento reivindicativo de residentes galegos por mellorar as súas condicións laborais e profesionais. Esta nova xeira está caracterizada por unha maior capacidade de mobilización que, “a priori”, é unha importantísima ferramenta para gañar batallas sociais, sobre todo se AGAMIR aposta claramente por dotarse dunha táboa reivindicativa potente ao tempo que realista na que se sintan identificados a grande maioría dos residentes, e por converterse nunha organización unitaria de todos os residentes, independentemente das súas posicións ideolóxicas ou sindicais. Os residentes afiliados a CIG-Saúde traballarán para o fortalecemento dunha AGAMIR baseada nestes presupostos.
- A realidade é complexa, as melloras non as regalan, e o éxito de AGAMIR vai facilitarse se adopta unha estratexia, que teña en conta aspectos como os seguintes:
 - ter os pes ben chantados na realidade, evitando maximalismos e creerse que, porque un teña a razón nas súas reivindicacións, os demais non van ter outro remedio que darlla;
 - ser consciente de que o movemento reivindicativo dos residentes non comezou no ano 2007 e que, xa antes de que os fundadores de AGAMIR lanzaran a idea de crear esta asociación, xa outros residentes sen afiliación ou afiliados a CIG-Saúde, xa viñan tentando mellorar as condicións laborais dos MIR galegos; procurar a unidade adoita ser un elemento que favorece o éxito;
 - evitar adoptar posicionamentos antisindicais simplistas, habitualmente acompañadas dun radicalismo verbal fatuo, tan frecuentes entre algúns médicos;
 - fuxir da tentación de converterse nunha organización sindical e ser capaz de, mantendo a súa independencia, establecer liñas de colaboración cos sindicatos.
- CIG-Saúde, a diferenza doutras organizacións, cando asina un acordo, respecta o que nel se establece; por este motivo non apoiaremos as mobilizacións que se organicen “contra” o acordo. Sen embargo, o que si faremos é traballar para mellorar os seus contidos, cousa que nos encantaría facer en colaboración con AGAMIR. Neste sentido, e sendo plenamente conscientes de que o nacemento de AGAMIR crea unha nova situación que ningué, incluído o SERGAS pode ignorar, **pedímoslle ao SERGAS que sexa flexíbel e acepte reabrir xa a renegociación do acordo, no seo da mesa sectorial.**